



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO MODIFICACIÓN PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE MADRUGADORES DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Derrogar os prezos públicos establecidos pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de setembro e publicados no BOP da Coruña núm. 181 do 22 de setembro de 2022, con efectos desde o primeiro día do mes seguinte ao da publicación deste acordo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*.

SEGUNDO.- Aprobar, con efectos desde o primeiro día do mes seguinte ao da publicación deste acordo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, os seguintes prezos públicos para a actividade de madrugadores que se desenvolve no Concello de Val do Dubra:

A). Prezos aplicables á actividade de madrugadores:

- Prezo xeral (por usuario/a):
 - 55 euros/mes
 - 3 euros día (no caso de usuarios por días)
- Prezo por 2º usuario/a (por usuario/a):
 - 2º usuario/a dunha mesma unidade familiar: 30 euros/mes
 - Non se aplicará aos/ás usuarios/a por días
 - Prezo por 3º usuario/a e seguintes:
 - 3º e seguintes usuarios/as dunha mesma unidade familiar: 0 euros/mes
 - Non se aplicará aos/ás usuarios/a por días

B) Condicións de aplicación dos prezos da actividade de madrugadores

1.- Aplicarase o prezo xeral íntegro a partires de 3 días de asistencia semanal (no caso de usuarios/as que se teñan inscrito un días concretos da semana) e, en todo caso, a partir de 12 días de asistencia ao mes.

2.- Para a aplicación dos prezos por 2º usuario e 3º usuario e seguintes será necesaria a previa solicitude dos interesados, mediante instancia formal presentada través do rexistro municipal que se deberá acompañar, ademais, de copia do libro de familia (ou documento oficial alternativo e acreditativo dos membros integrantes da unidade familiar de referencia). De non terse solicitado dentro dos primeiros 15 primeiros días de cada mes, terá efectos respecto da liquidación e pagamento do prezo público correspondente ao mes seguinte ao da súa solicitude.

3.- As solicitudes de baixa tramitaranse mediante instancia formal presentada a través do rexistro municipal, con indicación do mes en que se solicita que produza efectos. No caso de que se solicite a baixa con efectos no mes en curso despois de ter acudido á actividade cando menos 12 días do mes procederá a liquidación do mes completo; en caso contrario procederase á liquidación dos días que se tivese acudido conforme ao prezo diario.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

TERCEIRO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Val do Dubra aos efectos da súa publicidade.

Val do Dubra, a 30 de outubro de 2023.

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez

Val do Dubra, naturalmente